

**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 24 DE  
FEBREIRO DE 2011**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de febreiro de dous mil once, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona M<sup>a</sup> Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceró Rial, do PSdeG-PSOE; dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López, concelleiros non adscritos.

Non asisten, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE e don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2010, á sesión extraordinaria e urxente do día 24 de xaneiro de 2011 e á sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2011**

O Sr. presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 30 de decembro de 2010, á sesión extraordinaria e urxente do día 24 de xaneiro de 2011 e a sesión ordinaria do día 27 de xaneiro de 2011.

Non se formulan alegacións polo que, a corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que quere desculpar a ausencia do seu compañeiro Nicolás Cubeiro que, por motivos de traballo, estaba en Oviedo, e dixo que intentaría facer o posible por chegar, aínda que fora tarde.

## **2º Proposta de aprobación inicial do Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Cambre**

Vistas as propostas de Alcaldía de data 18 de febreiro e 21 de febreiro de 2011.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Educación, Deportes, Promoción Económica e Emprego de data 22 de febreiro de 2011.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López, e abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín.

A corporación, por dez votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar, con carácter inicial, o Regulamento dos ficheiros de datos de carácter persoal do Concello de Cambre.

Segundo: Abrir un período de información pública e audiencia aos interesados por prazo de trinta días mediante anuncios publicados no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do concello, co fin de que poidan presentarse reclamacións e suxestións que serán resoltas pola corporación.

Terceiro: No caso de que non se presenten reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, e, polo tanto, definitivamente aprobado o regulamento de referencia, publicándose o texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia, entrando en vigor unha vez teña transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cuarto: Queda derogado o “*Regulamento elaborado para regular a creación, modificación e supresión de ficheiros de datos de carácter persoal, en cumprimento do preceptuado na Lei orgánica 5/1992, de 29 de outubro*”, que foi aprobado polo Concello de Cambre en Pleno en datas 29 de setembro de 1994, e a súa posterior modificación en data 28 de outubro de 2010, e publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 239 de data 19 de outubro de 1994 e BOP n.º 220 do 18 de novembro de 2010.

## **3º Mocións**

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de Alcaldía respecto da designación dun representante do concello para formar parte da Comisión de Escolarización. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros

presentes do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os seis concelleiros non adscritos.

Así pois, a corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da citada proposta.

### **A) Proposta de Alcaldía respecto da designación dun representante do Concello de Cambre para formar parte da Comisión de Escolarización**

Vista a proposta de Alcaldía de data 21 de febreiro de 2011 que se transcribe a continuación:

“Visto o escrito rexistrado de entrada ao núm. 3002, o día 9 de febreiro de 2011, procedente do Departamento Territorial da Consellería de Educación, no que, para os efectos de dar cumprimento ao regulado no artigo 43.d) da Orde do 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo), sobre admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, se solicita a designación dun representante do Concello de Cambre para formar parte da Comisión de Escolarización para o curso 2011-2012.

Tendo en conta que tanto a constitución como a disolución da Comisión de Escolarización é competencia da delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (arts. 43 e 44 da Orde do 17 de marzo de 2007), e que habitualmente se convoca sesión da Comisión de Escolarización para o mes de maio do ano correspondente, polo que resulta necesario remitir, á maior brevidade posible, a designación do representante municipal.

Tendo en conta que o pasado ano xa se efectuou o nomeamento de don Jaime Manuel López Lisnier como representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización para o curso 2010-2011, e que este concelleiro é quen ten delegados por Resolución de Alcaldía núm. 224, de data 29 de xaneiro de 2010, os servizos e actividades relativos á materia de Educación.

Con base no exposto, e logo da declaración de urxencia a teor do establecido no art. 115.1. c) do Regulamento orgánico municipal, **PROPOÑO** ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2011-2012, a don Jaime Manuel López Lisnier.

Segundo: Comunicar a citada designación ao Departamento Territorial da Consellería de Educación para os efectos oportunos.”

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo,

dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, e abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os concelleiros non adscritos dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín e don José Antonio Baamonde López.

A corporación, por nove votos a prol, acordou:

Primeiro: Designar representante do Concello de Cambre na Comisión de Escolarización, curso 2011-2012, a don Jaime Manuel López Lisnier.

Segundo: Comunicar a citada designación ao Departamento Territorial da Consellería de Educación para os efectos oportunos.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta de Alcaldía respecto dos efectos derivados do paso de varios concelleiros á condición de concelleiros non adscritos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, pregunta se isto se trata dunha moción.

A Sra. secretaria contesta que si.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, sinala que se presenta como unha proposta de Alcaldía.

A Sra. secretaria explica que as mocións son propostas que van fóra da orde do día e que non están ditaminadas pola comisión informativa, como no presente suposto, que como provén do equipo de goberno habitualmente se presentan coa denominación de proposta, pero é unha moción.

Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros presentes do PP, os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e os seis concelleiros non adscritos.

Así pois, a corporación, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da citada proposta.

**B) Proposta de Alcaldía respecto da toma de coñecemento da condición de concelleiros non adscritos de varios membros da corporación e modificación da composición das comisións informativas**

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de febreiro de 2011 que consta do seguinte teor literal:

“Con data 17 de febreiro de 2011 rexistráronse de entrada os escritos presentados polos concelleiros do grupo municipal do BNG, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo (n.º de rexistro 3382), dona Laura Fernández Martínez (n.º de rexistro 3406), don Antón Otero Domínguez (n.º de rexistro 3407) e dona Gumersinda Becerra Montes (n.º de rexistro 3408), nos que informaron que con data 1 de febreiro de 2011 comunican ao responsable-portavoz do BNG da Coruña a baixa como militantes da formación política Bloque Nacionalista Galego, e solicitan se dese tratalo da dita información á Secretaría Xeral do concello para os efectos previstos no art. 73.3 último parágrafo da Lei 7/1985.

Con data 22 de febreiro actual rexístrase de entrada ao n.º 3596 escrito presentado por don José Antonio Baamonde López, concelleiro do PP, no que comunica que con dita data abandona o grupo municipal do PP do Concello de Cambre, polo que, dende o dito momento se considera concelleiro non adscrito e solicita que se lle teña como tal, recoñecéndolle os dereitos que lle son propios.

Con data de hoxe 24 de febreiro de 2011, rexistrouse de entrada ao n.º 3755 o escrito presentado pola voceira do grupo municipal do PP polo que se adscriben ás comisións informativas que a continuación se relacionan os concelleiros que igualmente se indican, en substitución de don José Antonio Baamonde López:

- Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación: Pasa a desempeñar a suplencia de dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, o concelleiro don Felipe Andreu Barallobre.
- Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos: Pasa a desempeñar a suplencia de don Felipe Andreu Barallobre, a concelleira dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas.
- Comisión Informativa de Participación Cidadana, Igualdade e Turismo: Pasa a ser titular dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel e suplente don Felipe Andreu Barallobre.
- Comisión Especial de Contas: Pasa a ser titular don Santiago Manuel Ríos Rama e suplente dona Goretti Pérez Eléxpuru.

Tendo en conta o establecido no art. 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción levada a cabo pola Ley 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, apartados primeiro e sexto:

*“Para os efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais constituiranse en **grupos políticos**, na forma e cos dereitos e as obrigas que se establezan, con excepción de aqueles que non se integren no grupo político que constituía a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia, que terán a consideración de **membros non adscritos**.*

(...)

*Cando a maioría dos concelleiros dun grupo político municipal abandonen a formación política que presentou a candidatura pola que concorreron ás eleccións ou sexan expulsados dela, serán os concelleiros que permanezan na citada formación política os lexítimos integrantes do dito grupo político a todos os efectos. En calquera caso, o secretario da corporación poderá dirixirse ao representante legal da formación política que presentou a correspondente candidatura para os efectos de que notifique a acreditación das circunstancias sinaladas.”*

Tendo en conta que, en virtude do exposto, a condición de concelleiro “non adscrito” élo por mandato do lexislador.

Tendo en conta que segundo a St. do TC n.º 169/2009, de 9 de xullo, os concelleiros non adscritos teñen dereito, no exercicio da representación política que ostentan, a participar nos asuntos públicos en condicións de igualdade, segundo se recolle no art. 23 da Constitución Española e, polo tanto, á participación directa nas comisións informativas para non dificultar a posterior defensa das súas posicións políticas mediante a participación e a votación dos asuntos no pleno.

Considerando que, segundo se mantén polo TC na dita sentenza, para evitar a materialización do risco de sobrerrepresentación da minoría que se deriva do dereito de participación directa nas comisións informativas que corresponden aos membros non adscritos da corporación, xa sexa a través das normas que regulen a organización e funcionamento da corporación, ou do propio acordo a través do cal se materialice o disposto no art. 73.3 LBRL, haberán de adoptarse as disposicións organizativas que procedan, de cara a garantir que o dereito dos concelleiros non adscritos a participar nas deliberacións e a votar nas comisións informativas non altere a citada esixencia de proporcionalidade.

A medio do presente, e logo da declaración de urxencia a teor do establecido no art. 115.1 c) do ROM motivado na necesidade de cumprir coa normativa aplicable en canto á condición dos concelleiros non adscritos, PROPOÑO ao pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro: Tomar coñecemento da baixa como militantes da formación política Bloque Nacionalista Galego dos catro concelleiros que ata agora compoñían o grupo municipal do BNG, e que desaparece por falta de representación.

Segundo: Tomar coñecemento da renuncia a formar parte do grupo municipal do PP presentada por don José Antonio Baamonde López.

Terceiro: Tomar coñecemento da condición de concelleiros non adscritos de don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Laura Fernández Martínez, don Antón Otero Domínguez, dona Gumersinda Becerra Montes e don José Antonio Baamonde López, iso en virtude do previsto no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Cuarto: Modificar o acordo adoptado polo pleno da corporación en sesión de 2 de febreiro de 2010 respecto da integración dos concelleiros non adscritos nas comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, así como na Comisión Especial de Contas, que quedan constituídas por 14 membros coa adscrición seguinte: 3 do PSdeG-PSOE, 3 do PP, 1 de EU-IU, 1 do GM (PG) e 6 concelleiros/as non adscritos/as, tendo en conta que o número de votos dos concelleiros de cada grupo municipal presentes na comisión informativa equivaldría ao número de votos de concelleiros do grupo no pleno da corporación, iso para non alterar a esixencia de proporcionalidade.

Quinto: Tomar coñecemento da adscrición de concelleiros do grupo municipal do PP ás comisións informativas segundo o escrito presentado pola súa voceira, segundo se transcribe a continuación:

- Comisión Informativa de Transportes, Mobilidade, Patrimonio, Cultura e Contratación: Pasa a desempeñar a suplencia de dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, o concelleiro don Felipe Andreu Barallobre.
- Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos: Pasa a desempeñar a suplencia de don Felipe Andreu Barallobre, a concelleira dona M<sup>a</sup> Jesús Vieites Mariñas.
- Comisión Informativa de Participación Cidadana, Igualdade e Turismo: Pasa a ser titular dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel e suplente don Felipe Andreu Barallobre.
- Comisión Especial de Contas: Pasa a ser titular don Santiago Manuel Ríos Rama e suplente dona Goretti Pérez Eléxpuru.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, os cinco concelleiros presentes do PP, e os concelleiros non adscritos don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez, dona Laura Fernández Martínez e don José Antonio Baamonde López, e absteñense os dous concelleiros de EU-IU, o concelleiro do GM (PG) e a concelleira non adscrita dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín.

A corporación, por quince votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

#### **4º Informes da Alcaldía**

De orde do señor presidente, a secretaria da corporación dá conta dos seguintes asuntos:

- Da Resolución de Alcaldía núm. 132, de data 10 de febreiro de 2011, que consta da seguinte parte dispositiva:

“Primeiro: Avocar a delegación xenérica efectuada a prol de don Jaime Manuel López Lisnier dende o día 7 ao 12 de marzo do ano 2011, ambos os dous incluídos, a partir dos cales continuará no exercicio das funcións que lle foron delegadas por esta Alcaldía segundo Resolución de data 29 de xaneiro de 2010.

Segundo: Publicar a resolución no Boletín Oficial da Provincia e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que teña lugar.”

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 3220, o día 14 de febreiro de 2011, procedente da Delegación do Goberno para a violencia de xénero, Secretaría de Estado de Igualdad, Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad, no que se comunica que se ten recibido a certificación do acordo que o 25 de novembro de 2010 tomou a corporación, en relación coa conmemoración do Día internacional contra a violencia de xénero, e no que amosa a súa satisfacción ao comprobar que cada vez son máis as institucións e as persoas que se comprometen na loita contra a violencia e a discriminación que, secularmente, veñen padecendo as mulleres e, ao mesmo tempo, observar a crecente sensibilización política e social para acadar unha igualdade plena entre homes e mulleres. Di que en ambos terreos é preciso contar co esforzo de todas e todos, e lembra a importancia de que por parte de todas as administracións se destinen os medios oportunos para isto. Conclúe manifestando a dispoñibilidade desa delegación para cantas cuestións se estimen oportunas, dentro do ámbito das súas competencias.

## **5º Rogos e preguntas**

### **Rogos do PP presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3465 o día 19 de febreiro de 2011.

1º O pequeno comercio en Cambre está soportando como outros moitos veciños os actos de vandalismo nas rúas. Por este motivo, rogamos que se nos informe que seguimento se está facendo da ordenanza de limpeza viaria por parte do concello así mesmo dos expedientes sancionadores abertos e a súa resolución.

O Sr. alcalde contesta que neste momento a delincuencia é xeral, pero en Cambre dende logo teñen a sorte de que non crece como crece noutros concellos, e di isto con base en informes da Garda Civil e da Policía Local. Están estudando ese tema das falcatruadas, máis que vandalismo, co Ministerio del Interior para que a eses rapaces que non teñen idade para ser sancionados, poidan obrigalos a facer traballos de limpeza, por exemplo os que pintan os graffitis, que os collan e que o xuíz os mande facer uns traballos de limpeza, polo menos que teñan un pequeno castigo.

Conclúe dicindo que a Policía Local está facendo xestións para iso e agarda que, polo menos, vaian mellorando con esta solución.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel, voceira do PP, agradece a contestación, pero di que, de todas maneiras, o que se pide, por parte de todos os veciños e dos comercios que teñen todas as súas fachadas pintadas, é simplemente que se aplique a ordenanza actual do Concello de Cambre. É unha ordenanza sancionadora, é unha ordenanza que se se cumpre, está ben e quizais sería suficiente.

2º Rogamos ao alcalde nos informe se ten previsto realizar algún nomeamento ou destitución no seu goberno no tempo que queda de lexislatura.

O Sr. alcalde contesta que non ten previsto levar a cabo ningún nomeamento ou substitución.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o PP en xullo de 2009, presentou unha moción ....

O Sr. alcalde di que se fixo un rogo, el contestou, e punto. Pídelle ao Sr. concelleiro que pase ao terceiro rogo.

Don Felipe Andreu Barallobre expón que pensa que o Regulamento orgánico municipal lle permite unha quenda de réplica.

O Sr. alcalde di que está ben, que fale.

O Sr. Andreu Barallobre manifesta que o PP, en xullo de 2009, presentou unha moción na que pretendía que este pleno se pronunciara sobre a vixencia no Concello de Cambre do Pacto antitransfuguismo. Naquel momento o Sr. alcalde non lles permitiu debater a moción, agora coa súa resposta o Sr. alcalde o que está deixando claro, o que lles demostra agora mesmo, é que o que pretendía era non cumprila.

Lémbralle, aínda que sabe que coñece perfectamente o contido do Pacto antitransfuguismo, que ese pacto obriga ao Sr. alcalde a expulsar do grupo de goberno aos concelleiros que teñan sido declarados tráfugas polos seus grupos de orixe, e que ese é o caso que se produciu recentemente en catro dos concelleiros do equipo de goberno, o seu partido de orixe declarounos tráfugas e, polo tanto, o Sr. alcalde está incumprindo o Pacto antitransfuguismo.

Conclúe dicíndolle ao Sr. alcalde que non lle caiba a menor dúbida de que o PP esixiralle ao Partido Socialista que aplique o estatuto e réxime disciplinario que ten, por vulnerar o Pacto antitransfuguismo.

3º Rogamos nos informen de forma pormenorizada dos acordos aos que chegou o goberno municipal de Cambre para a xestión da nova depuradora de Bens e do novo emisario submarino que entrará en funcionamento proximamente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a primeira precisión que lles ten que facer é que non hai acordo ningún, o Concello de Cambre non chegou aínda a ningún acordo, agardan que si o faga, en relación coa xestión da estación depuradora de Bens e co emisario submarino. O que si lles pode comentar son algúns antecedentes e algunhas previsións, nas que agarda que poidan estar todos de acordo nun futuro inmediato, porque así lles obrigan as circunstancias e a propia lei.

Di que o 9 de decembro do pasado ano, o pleno do Concello da Coruña aprobou un convenio proposto pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, o que era antiga Confederación Hidrográfica do Norte, a Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas, Augas de Galicia e o propio concello. Neste convenio, que foi asinado nos primeiros días de xaneiro, o que se recolle é a entrega ao Concello da Coruña das instalacións do sistema de depuración dos Concellos da Coruña, Cambre, Oleiros, Arteixo e Culleredo por parte da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, que foi a que construiu estas infraestruturas.

O convenio faculta ao Concello da Coruña a executar por xestión directa, a través de Emalcsa, empresa de Augas da Coruña, ou por outra empresa pública, ou tamén por xestión indirecta, se así o decidiran. E tamén encomenda á Coruña a xestión dos tributos, taxas ou prezos públicos, aos que estiveran obrigados para custear o servizo.

Di que neste convenio fálase duns antecedentes, como son a declaración de interese xeral desa obra, por Lei 22/1997, de 8 de xullo. Fai referencia tamén a que en setembro do ano 2003 se asina o primeiro convenio de colaboración para a execución da EDAR de Bens, que posteriormente, en setembro de 2006, asínase un segundo convenio polo que se acorda a construción do emisario submarino, sempre en relación a esa declaración de interese xeral, e polo tanto de encargo á antiga Confederación Hidrográfica do Norte, que posteriormente asume a Confederación do Miño-Sil, e neses convenios establécese que a obra, unha vez executada por parte da Confederación Hidrográfica, será entregada á Xunta de Galicia. A Xunta declara o seu interese por entregarlla, por transferirla ao Concello da Coruña, e iso é o que se executa con ese convenio que foi aprobado no pleno do Concello da Coruña en decembro do pasado ano. A estipulación quinta do punto cuarto, precisamente autoriza á transferencia da xestión, da explotación, do mantemento, da conservación, a Emalcsa ou a outra empresa pública que así se decida.

Por outra banda, a Lei de augas aprobada no Parlamento Galego, aprobada por certo en exclusiva cos votos do Partido Popular, Lei 9/2010 de 4 de novembro, estipula as competencias dos entes locais, e unha delas é, por certo, a xestión dos residuos do saneamento, no seu artigo 5. No artigo 40 define claramente que son as entidades locais as que esixirán os tributos necesarios para custear eses servizos. Establece tamén unha nova taxa impositiva, un novo canon, que é o coeficiente de vertido, ao que hai que sumarlle o canon de saneamento que xa existía, e tamén a taxa de auga.

O coeficiente de vertido entrará en vigor, de maneira obrigatoria en toda Galicia, o día 1 de xaneiro de 2012. Ese coeficiente é, segundo establece a lei aprobada pola maioría do PP no Parlamento Galego, o necesario para custear os gastos de mantemento e explotación da depuración de augas residuais en toda Galicia.

No convenio asinado co Concello da Coruña o que se establece, e tamén na propia lei, é que o coeficiente de vertido é incompatible co establecemento de prezos públicos, de taxas ou de tributos, por parte das entidades locais para o mesmo fin. Polo tanto, un anularía ao outro.

Di que supoñen que iso é de interese, porque no caso de que establezan prezos, ben municipais, ben a través dunha empresa pública ou dun consorcio, son incompatibles con ese canon de vertidos que está establecido na lei.

As previsións para o futuro son as seguintes. Este goberno municipal, despois de ter algunha entrevista coa directiva de Emalcsa, despois de participar xunto con outros alcaldes afectados nunha reunión co presidente de Augas de Galicia neste mes de xaneiro pasado, na que lles explicou cal era a situación, cal era o contexto e que é o que quería facer Augas de Galicia, por que lle transfere á Coruña esas infraestruturas, a opinión do goberno municipal é que prefiren ser socios e non clientes da empresa que xestione o saneamento de toda esta conca, é dicir, dos vertidos da Coruña, de Arteixo, de Culleredo, de Oleiros e tamén de Cambre. Prefiren ser socios, participar na xestión e na toma de decisións da nova empresa pública que se crearía e, no seu momento, en canto estean as propostas xa presentadas e informadas convenientemente, traelas, para que, posteriormente, todos os grupos en pleno poidan facer a encomenda de xestión a unha nova empresa pública que se crearía coa participación de Emalcsa e de todos os concellos que están afectados por isto.

Conclúe dicindo que estas son as previsións, pero que polo momento non hai ningún acordo adoptado que, lóxicamente, terá que pasar, en todo caso, por este pleno.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que ao seu grupo hai outro tema que lle preocupa e que non se tocou nesta intervención do primeiro tenente de alcalde, e é a preocupación que teñen, non só os empresarios do polígono de Espírito Santo, senón tamén ten constancia que empresarios de outros polígonos. Di que, agora mesmo, tal e como está a regulación, cada concello ten unha ordenanza onde se regulan os índices de calidade e as concentracións máximas de residuos que se poden verter á rede de sumidoiros. Eles teñen recibido ultimamente peticións de varios empresarios do polígono sobre a normativa, xa que todos os vertidos dos polígonos industriais deses concellos van a seguir o mesmo sistema de depuración, sería de lóxica que todos os concellos que teñan este sistema de depuración teñan a mesma normativa.

Di que o seu rogo neste sentido é que as xestións que se fagan, dende aquí ata que finalice a lexislatura, se encamiñen a intentar conseguir unha normativa unificada e un protocolo común para este problema.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que están totalmente de acordo, e di que ese é o camiño, unificar precisamente as ordenanzas de vertidos en todos os concellos do territorio e que non haxa diferenzas. En todo caso di que están falando sempre de vertidos á rede de saneamento de orixe urbana, os vertidos industriais teñen que ter un tratamento, pero haberá unha ordenanza que regule e unifique todos eses vertidos, naturalmente, claro que si.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3468 o día 19 de febreiro de 2011, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º En varias ocasións o servizo de calefacción no centro de saúde de Cambre e dependencias anexas, é motivo de distintas avarías e fallos na subministración.

Pregamos nos informen que accións ten levado a cabo o goberno local para dar solución a estas incidencias que afectan aos cidadáns/ás, tendo en conta que o problema repítese con demasiada frecuencia.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que ten toda a razón, que iso é así. Di que ten información longa, porque é un proceso que vén de moi atrás, e tentará ser o máis axil posible.

Di que estas obras de ampliación do centro de saúde recepciónanse o 25 de marzo de 2010, indicándose que o prazo de garantía das instalacións é dun ano, que vence o mes que vén. Fanse as conseguíntes tramitacións, con Fenosa o 12 de abril, e o 13 de xullo do 2010 remítese ao Sergas unha solicitude de subsanación de problemas no queimador da caldeira do centro de saúde, dado o mal funcionamento que deixa ao centro sen auga quente sanitaria. Di que están falando dun par de meses despois de ter recibida a obra, e que está en garantía. O 16 de novembro remitiuse oficio a dona Pilar Mata Freire, directora provincial do Sergas na Coruña, ante as numerosas reclamacións recibidas polos usuarios do centro de saúde pola falta de calefacción, e requírese a subsanación inmediata dos fallos detectados no programador da caldeira e no xerador de emerxencia por estar en prazo de garantía. O 9 de decembro rexístrase no concello a entrada dunha inspección enerxética ECA na que se detectan algunhas deficiencias na instalación de carácter leve. O 10 de decembro remítese ao concello un oficio do Sergas informando de que o escrito relativo ás queixas veciñais se traslada á Xerencia de Atención Primaria do Sergas. O 13 de decembro remítennos correo electrónico dos Servizos Sociais municipais avisando de que non hai, novamente, calefacción no centro de saúde e pásase aviso á empresa que leva o mantemento. O 13 de decembro remiten da empresa concesionaria información de que atenderon a incidencia e que había unha serie de sondas dos dispositivos da caldeira que estaban avariadas. A reinician, a poñen en funcionamento, e, ese mesmo día, trasládaselle informe a don Julio Framil, xefe de mantemento do Sergas, no que se lle achega documentación referente a todo isto.

O 14 de decembro solicítanlle á empresa que leva o mantemento das calefaccións municipais, un informe detallado de todas as incidencias, reparacións e intervencións que teñen realizado nos últimos meses para subsanar os problemas xerados.

O 14 de xaneiro hai un novo informe ECA, de calidade da instalación, que se recibe neste concello, e ese mesmo día, ante os avisos de novas avarías, que son constantes durante todo este tempo, realizan unha visita cun técnico municipal ao centro de saúde, ao que citan precisamente a ese responsable do Sergas que mencionou antes, e na que están presentes tamén as empresas instaladoras que o Sergas contratou para realizar a reforma do centro de saúde e as instalacións.

Desa reunión, convocou unha reunión con todas as partes implicadas, que realizaron o 19 de xaneiro no salón de plenos, para acordar que pasos se ían dar para acadar unha solución definitiva do problema e para evitar os peloteos de información constantes que estaba habendo e os prexuizos para o persoal que traballa alí e para os usuarios. Curiosamente, ese mesmo día, acabada a reunión, volven avisarlles do centro de saúde que se volve producir unha nova avaría, e alí se trasladaron e avisaron de novo ao persoal responsable.

Di que hai varios informes dos técnicos municipais a partir desa data, do 20 de xaneiro, do 26, varias visitas, varios avisos de novo á dirección do Sergas para que se poñan con isto. O Sr. alcalde mantén unha reunión coa directora provincial do Sergas, o 27 de xaneiro, para falar, entre outras cousas, precisamente deste asunto, e o que asumen é a contratación dun informe externo, por parte dunha empresa externa, para que a modo de informe pericial, se indiquen cales son os problemas que ten esa caldeira.

Previo a iso, nunha reunión que tiveron nas propias instalacións, cando estaban todas as partes implicadas, os propios técnicos que a instalaron, e os propios responsables do Sergas, indican verbalmente que probablemente os problemas sexan debidos a un mal deseño de todo o sistema. Hai un mal deseño e non por fallos concretos, nin por defectos de fabricación ou montaxe, senón por fallos no deseño de todo o sistema, é polo que se producen esas avarías constantes.

O concello, despois da reunión que tivo o Sr. alcalde coa directora provincial, encargou un informe técnico a unha empresa externa. Ese informe recibíuse hai uns días, e xa se lle remitiu tanto á dirección técnica, a don Julio Framil, como ao responsable do Sergas, para que tomen as medidas pertinentes, posto que é unha instalación que está en garantía. O deber do Concello de Cambre, porque así o ten recollido nun convenio, é levar o mantemento, pero nunha instalación que está en garantía, é quen a instalou, e quen fixo a obra, os que teñen a obriga de poñela en marcha para que poida ser utilizada.

Di que durante practicamente todo este ano hai un montón de informes, requirimentos e avisos, pero o certo, e o que lamentan todos, é que de maneira constante e reiterada ese

sistema está fallando. Tamén lle di que non é o único, porque están detectando que se están producindo fallos noutra instalación, que tamén está en garantía, como é a ampliación do colexio do Graxal, onde tamén están tendo problemas en varias ocasións coa calefacción, e non sabe se está posto xa, pero que van a poñelo en coñecemento da Consellería de Educación, que foi quen fixo a obra e ten que responder, loxicamente, da súa garantía.

O Sr. alcalde sinala que mañá lles fará chegar unha fotocopia do informe que chegou o 18 de febreiro.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que segundo esta explicación, ven que se fixeron bastantes dilixencias, pero a realidade é que a xente que vai ao centro de saúde, os propios traballadores do centro e das dependencias anexas que dependen desa caldeira, seguen pasando frío en moitas ocasións.

El xa ve que o concello lle requiriu en varias ocasións á Xunta, que ten competencias neste tema, e parécelle lamentable que a estas alturas non se teña reparado ese queimador, porque da explicación dada se desprende, parece ser, que foi unha chapuza a instalación que se fixo no centro de saúde, e, unha vez máis, lamenta que a xente de Cambre, os propios traballadores do centro, e a xente que vai alí, siga pasando frío.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo sinala que el non utilizou a palabra chapuza, non é que o que está feito, estea feito en plan chapuza, estará ben feito, pero está mal deseñado. A capacidade que ten o queimador, a caldeira e a cheminea, segundo os informes técnicos que o Sr. alcalde lles acaba de dicir que lles vai pasar, non están calculados para o tipo de usos que se dan, e parece que aí é onde está o problema, non é que estea a obra feita de maneira chapuceira, o que está é mal deseñada, e todos lamentan o que está ocorrendo, ao igual que o fai o concelleiro de EU-IU, porque ao final son os usuarios e os traballadores do centro os que están sufrindo unha situación que non é normal que se estea producindo.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que o que está claro é que as condicións non foron óptimas, e o cualificativo cada un pode poñer o que queira, e el dixo chapuceiro.

2º Unha vez máis o noso grupo prega ao goberno nos informe sobre o estado das obras de saneamento que se están executando en diversos lugares do concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que neste momento as obras que están abertas, ou en execución, ou pendentes de pechar, son o POS do 2007, que é a ampliación das redes de saneamento e abastecemento de auga en Anceis, Piñeiro e San Lourenzo, no que están as obras xa executadas e rematadas e están pendentes da subministración eléctrica dos bombeos, o bombeo de San Lourenzo, o bombeo do Drozo en Anceis e o bombeo de Piñeiro en Lema.

Das obras do FEESL que se executaron a partir do pasado verán, está a mellora das

redes de saneamento das rúas Constitución, Celso Emilio Ferreiro e Párroco Manuel Cobas, que está a obra rematada e estase cos trámites de recepción, co papeleo último. A mellora das redes de saneamento no CEIP Brexo, na estrada provincial 1704, na que faltan uns remates e unhas correccións de defectos que se lles ordenou por parte da dirección de obra, e o papeleo de recepción, pero está practicamente rematado. A mellora das redes de saneamento de Ponte Cela e da Xira, nas que se está agora mesmo cos enganches eléctricos do bombeo de Cela e máis co caudalímetro novo que se instalou pegado á ponte da Xira. A mellora da seguridade viaria e redes de saneamento en Aián e Sobrecarreira, que están rematadas e están simplemente co papeleo de entrega da obra.

Por parte doutras administracións, di que se está executando tamén a mellora da estación de bombeo do Temple, que o está facendo a empresa Sercoysa a través da Consellería de Medio Ambiente, de Augas de Galicia, e a renovación do colector xeral do Paseo dos Templarios, que está executándose pola empresa Atlántica, tamén con cargo á Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas. Están en execución, a do Paseo dos Templarios pendente do enganche definitivo xunto a estrada provincial Cambre-Temple.

Por último, o POS 2008, que é a obra da Travesía do cemiterio, que leva incluída tamén unha renovación do colector principal, que é o colector que sube dende o bombeo de Cela e que recolle unha parte de Cambre, máis uns novos colectores que se fan na travesía.

Conclúe dicindo que proximamente comezarán as obras, en poucos días supón, da rúa Pígara e Padre Feijoo, cunha renovación completa tanto de pluviais como de saneamento.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que en lugares concretos, como pode ser Anceis, a xente leva un montón de tempo agardando para facer uso do servizo, e o que el pregunta tamén é para cando poderán acceder a ese servizo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que a pregunta falaba das obras que están en execución agora mesmo, e iso foi ao que lle contestou, e que non ten ningún inconveniente en contestarlle ao outro, xa que tiña previsto contestar neste pleno a unha pregunta concreta que hai sobre ese asunto e que formula algún outro grupo.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que tendo en conta a explicación que lle deu, non estaría de máis que lle explicase para cando ten previsto que eses servizos estean a disposición dos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que as obras das que lle falou agora, en canto estean recibidas e rematadas, vanse poñer en funcionamento, todas elas, en breve, se pode ser nun mes, non vai ser en mes e medio. Sinala que hai algunhas delas que están xa funcionando, as que falaron do Graxal, rúa Constitución, Párroco Manuel

Cobas, e as que van polo paseo, esas están xa funcionando, están rematadas e funcionando, porque aí o que se fixo foi a substitución dun asistente na Travesía da Igrexa, por novos colectores, e segundo se ían rematando os tramos, xa se ían poñendo en funcionamento os novos. As que lle comentou que están pendentes dos enganches eléctricos, de bombeos e caudalímetros, en canto estea solucionado o tema dos enganches coas empresas distribuidoras, vanse poñer tamén en funcionamento.

Di que para o que non lle pode dar prazo é para as obras que está facendo a Xunta, tanto a renovación do bombeo do Temple como o colector dos Templarios, porque el non pode ter esa información. Supón que estarán próximas, polo menos a do colector dos Templarios, pero, en todo caso, substitúen a colectores vellos, e poñeranse en marcha inmediatamente para substituír aos antigos. Esas van a estar funcionando todas de maneira inmediata.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o outro día os medios de comunicación, falaron da brevidade, que de inmediato se ían poñer, e por iso lle preguntaba ao Sr. concelleiro se ten algunha data concreta, se hai algunha data concreta para que estean funcionando, nada máis que iso.

3º Veciños/as de Cecebre teñen manifestado ao noso grupo a carencia de pasos de peóns na estrada AC-221 entre o Apeadeiro e a Ponte do Cubo, sendo unha zona de abundante circulación e tránsito peonil.

Por iso pregamos que por parte do concello se realicen os trámites necesarios para a instalación de pasos de peóns no mencionado lugar.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que están de acordo, e que farán unha proposta á Xunta para ver se lles aceptan poñer un paso de peóns alí.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que hai unha cuestión que igual lle din que non vai na pregunta, pero que nas inmediacións de onde dixo, nesa zona determinada, había tamén unha marquesiña, que se sacou, e non sabe se lle pode contestar por que non se volveu repoñer.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que lembra ese tema e que ten saído nalgunhas ocasións. El cre que o problema alí é de espazo público para poder colocala. Di que nalgunha ocasión estiveron comentando o tema, pero non lle pode dicir, á parte de que non é un tema que leve el.

### **Rogos do GM (PG) presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3548 o día 21 de febreiro de 2011.

1º No parque Ramón Barba estase a facer unha tala de árbores. Rogo se informe dos motivos polos que se fai esta actuación.

Don José Francisco Parceró Rial contesta que lles pasou antes os informes nos que se recolle que hai cousa dun ano, máis ou menos, a empresa que está contratada para o mantemento dos xardíns, informou que había algunhas árbores que estaban mal. O que fixeron os técnicos municipais foi pedir-lles un informe, que foi valorado no concello, e tomouse a decisión, non se curtaron sen máis. Di que se van repoñer, agardan que o Día da árbore poidan ter algunha resposta xa. Outras árbores parece ser que estaban moi xuntas e era conveniente quitalas.

2º Rogo se informe do estado en que se atopan os distintos saneamentos instalados en varias parroquias do concello (xa hai anos) e que seguen sen poder ser usados polos veciños.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que entende que ten algunha relación co que antes lle preguntaba o voceiro de EU-IU, pero que el, atendendo a quen lle formula as preguntas, prefere dar as contestacións no momento.

Dille ao Sr. Marante que, aínda que tarde e a todos lles gustaría que tivera sido moito antes, a el alégralle moito poder contestarlle que a metade das redes que estaban pendentes de entrar en funcionamento, dende hai anos, dende o ano 2003, ano 2004 e ano 2005, refírese aos anos dos planes, e que se executaron, case todos, por parte da Xunta, algún da Deputación e máis algún tramo municipal que formaba parte desas redes, pero que sen a recepción das obras polas outras administracións non podía funcionar, eses tramos están xa en funcionamento. Di que a semana pasada xa saíron comunicacións, entre 30 e 40 cartas, a veciños de diferentes lugares, nas que se lles comunica a autorización da licenza para enganche e vertido en varios colectores, e, esta semana, entre hoxe, mañá ou o luns, sairán tamén outras tantas. Son aproximadamente 90 e pico licenzas de enganche que estaban pendentes.

Di que, en concreto, as zonas que se poñen en marcha, que xa van a poder funcionar, e que supoñen exactamente 15 quilómetros de redes de saneamento, son todas as que verten ao río Valiñas, ao río do Gaiteiro, as que baixan dunha parte da parroquia de Anceis, Altamira, e Sigrás. Van a comezar xa a funcionar, excepto un pequeno tramo da obra do FEESL que antes comentou, na que están co enganche do último dos caudalímetros que se instalou hai tres meses aproximadamente, un tramo moi pequeno, novo, na Xira, pero o resto xa comezan a funcionar todas.

Di que tamén poñen en marcha as que baixan, na parroquia de Pravio, que collen as zonas de Pombo, Cobelo, Carballás, e que collen tamén unha parte de Lendoiro, en Cecebre, ao lado do polígono do Espírito Santo, que pertencen á conca do río da Gándara, e que van verter ao colector da Gándara.

Reitera que esas comezan a funcionar xa, e que xa iniciaron a comunicación formal aos veciños que tiñan solicitada a licenza de enganche, para confirmar-lles a autorización. A continuación o que se vai facer é poñerse en contacto co resto dos veciños que están na

área de influencia deses colectores, para indicarlles, mediante un bando, mediante cartas, que xa poden solicitar os enganches. En calquera caso, como saben, e figura na ordenanza e é de lei, todas as vivendas ou industrias que estean na zona afectada ou de influencia dos colectores serán dadas de alta no padrón de usuarios do saneamento, teñan enganche ou non.

Continúa dicindo que o que aínda lles queda son algúns puntos, que agardan poder solucionar nun prazo moi breve. É unha zona importante, que colle parte da parroquia de Cecebre, a zona de Sobreguexe, a zona do Canal, algo da zona de Apeadeiro, e os que baixan tamén aos mesmos bombeos desa zona, da parroquia de Bribes, zona de Bribes e Peiraio. Dos catro ou cinco bombeos que teñen naquela zona quedalles por solucionar o problema en dous, e unha vez que o consigan, farán ese mesmo proceso co resto dos veciños. Son en total outros 15 quilómetros. Aproximadamente tiñan uns 30.000 metros de rede, 30 quilómetros, dos cales a metade están xa funcionando, e outra metade agardan poñelos en funcionamento en datas moi próximas.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), agradece a contestación e manifesta que, en principio, quere felicitar ao Sr. concelleiro por ter solucionado o tema, sobre todo nalgúns deses tramos, que levaban 8 ou 9 anos para poder ser conectados. Por fin algúns veciños poden ver arranxados os problemas e conectarse ao saneamento. Realmente, despois de todos eses anos el non sabe se felicitar ou non felicitar a ninguén, o que lle parece é que está ben e agarda que esas outras actuacións, algunhas das cales levan xa en torno a 3 anos feitas, non teñan que agardar outros 8 anos para poderse conectar, como tiveron que facer outros. Agarda que o dean solucionado antes de que se acabe a lexislatura.

3º Rogo se informe do estado en que se atopa o proxecto de beirarrúas entre a Castellana Pravio.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que cre que xa o teñen comentado en varias ocasións, e lembrarán que xa ten informado que o 18 de novembro se enviou a memoria técnica do proxecto de seguridade viaria e saneamento, o da senda e un pasos de peóns nesa zona, á Xunta de Galicia, para a autorización preceptiva, xa que é a titular desa estrada. Iso enviouse o 18 de novembro, e o 22 de decembro contestáronlles que lles daban autorización para a senda, e que quedaba pendente dun informe posterior o tema dos pasos de peóns na zona de Pravio, un pouco máis adiante de onde está Lambda, o que está en San Bartolomeu pegado á igrexa, e outro moi próximo á ponte da autoestrada, preto de Catro Camiños.

Di que lles chegou ese informe, do cal estaban pendentes para poder converter en proxecto a memoria técnica pola que solicitaron autorización, e polo tanto podela sacar a contratación, pero o 28 de xaneiro recibiron unha sorpresa desagradable, que foi que se lles denegaba a autorización para os pasos de peóns. A Xunta denegou a autorización para os pasos de peóns, para eses tres en concreto.

Di que van a recorrer iso, e xa iniciaron as xestións para poder modificar a decisión da Xunta, pero, para non atrasar todo o conxunto da obra, é dicir, o tema da senda e máis unha intervención de saneamento que querían facer en Fabás, o que fixeron foi dividir en dous proxectos a execución, para poder comezar, en canto teñan todo o papeleo listo, o que é a intervención na senda que iría dende A Castellana a Pravio, máis un tramo de saneamento en Fabás. Están a punto de recibir o proxecto técnico para poder licitar a obra, e, en canto solucionen coa Xunta o problema da denegación dos pasos de peóns, farán tamén a intervención nos pasos de peóns.

Conclúe dicindo que o 28 de xaneiro chegoulles a denegación dos tres pasos de peóns e, polo tanto, paralizoulles ese tema.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), pregunta polos permisos dos propietarios afectados.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa están xestionados.

### **Rogos de dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, presentados por escrito**

Rexistrados de entrada ao núm. 3502 o día 21 de febreiro de 2011.

1º Rogo se repinten os pasos de peóns da rúa Tapia.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinala que presenta este rogo, aínda que supón que é titularidade da Xunta.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que cre que xa teñen comentado este asunto noutro pleno, non sabe se no pasado ou no anterior, e cre que xa lle contestara a non sabe que grupo que é unha previsión que teñen, pero que para pintar os pasos había que agardar a que houbera un período de tempo adecuado, que non estiveran os temporais. En todo caso, vai asumilo o Concello de Cambre, pero tamén o van pedir, de maneira formal, á Xunta, que é a titular da estrada, aínda que non teñen moitas esperanzas de que o asuman. Di que é unha travesía urbana, e que sobre todo algúns deles están nun estado no que xa practicamente nin se ven. A previsión é facelo agora, en canto teñan algúns días de bo tempo, pero vanllo reclamar á Xunta tamén formalmente por escrito, porque entenden que é competencia deles, á parte de que foi a propia Xunta a que fixo a reforma da travesía e está rematada hai dous anos e medio, tres anos, nada máis.

2º Cando pensa empezar a colocar os parques infantís nas distintas parroquias o concelleiro responsable desta área?

Don José Francisco Parcero Rial contesta que o de Bribes, como dixo no pleno pasado, están á espera de que chegue a subvención, e o que vai en Sigrás, están agardando,

porque están acometendo alí unhas obras, na escola de música, e tan pronto os técnicos lle digan onde se pode situar, comezarán.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se o prazo é antes de que remate esta lexislatura.

Don José Francisco Parceros Rial contesta que se intentará.

3º Rogo se me informe se hai novas noticias sobre a obra de mellora da estrada da Telva-Os Campóns.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que tamén é un tema recorrente e que xa se informou hai algún tempo que o Sr. alcalde e el mesmo, xunto con algún técnico municipal e unha delegación dos empresarios da zona da Telva, mantiveron unha reunión co delegado provincial da Xunta e con técnicos da Xunta, para abordar unha serie de modificacións que se propoñían por parte do concello, e tamén por parte dalgúns empresarios afectados pola ampliación, e tamén para por parte do concello dicirlle á Xunta que había unha serie de servizos afectados, ou de infraestruturas de abastecemento e saneamento que había que incorporar ao proxecto de reforma desa estrada.

Di que houbo un acordo verbal, un consenso, sobre que tipo de reformas había que facer para afectar menos negativamente aos intereses dos empresarios da zona, e quedaron de pasarlle ao concello o proxecto reformado para que o estudáramos. Di que están agardando a que llelo envíen, quedaron de facelo a primeiros de ano, no primeiro mes, pero aínda non chegou. De todas as maneiras, hoxe mesmo o propio alcalde chamou á Xunta interesándose por este tema e polo atraso, e quedaron comprometidos en enviar o máis pronto posible o proxecto, pero tamén lles di que hoxe mesmo técnicos municipais e técnicos da Xunta de Galicia, estiveron no lugar onde se van a executar as obras para tratar temas sobre servizos afectados de iluminación pública, de abastecemento e de saneamento, que hai que tocar e que van a resultar afectados ou cambiados por esa obra.

Conclúe dicindo que aínda están agardando a que lles envíen o proxecto modificado en función dos acordos verbais aos que chegaron coa Xunta naquela reunión que tiveron a finais do pasado ano.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3466 o día 19 de febreiro de 2011.

1ª A mediados do mes de xullo de 2012 vence o prazo para finalizar as obras incluídas no Plan Arume. Como ten previsto o goberno local construír a Casa da Cultura e reformar o Campo da Feira neste ano e medio?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que teñen previsto facelo cos

instrumentos de goberno que hai e dentro do marco da lexislación vixente. Di que tiñan previsto facelo antes, pero como todos saben, a proposta de reprogramación que presentou o goberno municipal no pleno do mes de decembro foi rexeitada polo conxunto da oposición, e ata pasado mediados do mes de xaneiro non foi posible que esa proposta contara co apoio, ou polo menos coa abstención suficiente dalgún grupo, para poder ser aprobada.

Neste momento xa lles confirmaron de maneira oficiosa, están pendentes da confirmación oficial, que o Ministerio de Administracións Públicas autorizou a reprogramación, e están pendentes que lles comuniquen tamén a autorización da reprogramación de fondos. Di que, como saben, o Sr. alcalde anuncioulles no día de hoxe aos grupos municipais, aos voceiros, a presentación do documento orzamentario deste ano para a vindeira semana, e se contan co respaldo necesario, ou coa permisibilidade polo menos deste pleno, para poder aprobar os orzamentos, xa terían os instrumentos legais, as autorizacións de quen cofinancia no 70%, máis a dotación financeira suficiente no orzamento municipal, para poder iniciar a contratación dos proxectos aos que fan referencia, en concreto, a reforma do Campo da Feira, e o proxecto da Casa da Cultura, pero máis tamén, a pista de skate e varias intervencións dentro do Plan de humanización do Graxal, por importe, aproximadamente, de 500.000 euros, que tamén están pendentes desas aprobacións.

Di que as previsións son iniciar o expediente de contratación da obra da Casa da Cultura a finais do mes de marzo, contando con que o orzamento municipal poida ser aprobado e poida entrar en vigor, e que entre abril e maio poida estar adxudicado este procedemento, e que de aquí a xuño do ano 2012, no que sería o límite de tempo, sería suficiente para executar a parte proporcional da Casa da Cultura que lle corresponde ao financiamento do Arume, que como todos saben non é o 100%.

Di que o mesmo pasa coa obra do Campo da Feira e co resto das outras que non citan, pero que serían a pista de skate que está programada cerca do campo de fútbol, e as outras intervencións no Graxal que están tamén agora mesmo previstas.

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que no caso do Campo da Feira ten entendido que nin sequera teñen o proxecto para facer a obra, polo que non só terían que facer un procedemento de contratación, senón que terían que facer dous, un para a redacción do proxecto e outro para a adxudicación da execución das obras, iso se non se equivoca.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que si se equivoca, que non teñen o proxecto, pero non porque non estea contratado. Di que está contratado, que hai unha empresa que o está redactando, e que, tendo en conta que están nunha zona sensible, que é un ben de interese cultural, un BIC, e que está a igrexa, está o arboredo do Campo da Feira, que hai elementos de protección patrimonial que facían preceptiva a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, o que se presentou foi un anteproxecto ante a Comisión Provincial de Patrimonio para que indicara se as pautas polas que se estaba

redactando o proxecto eran as correctas. Iso fíxose, deron a autorización sobre o anteprojecto, e puxeron unha serie de condicións, entre elas que hai que desenvolver unhas catas arqueolóxicas no Campo da Feira, para ver que pode aparecer, e co resultado desas catas arqueolóxicas xa lles van aprobar o proxecto definitivo. Polo tanto o proxecto está contratado, só está pendente dos resultados desas catas que se farán agora de maneira inminente, para con eses resultados ir á Comisión Provincial de Patrimonio e poder ter o proxecto definitivo aprobado.

Conclúe dicindo que o proxecto está contratado e pendente desas tramitacións, debido á autorización sectorial. Unha vez que iso estea recollido no proxecto e autorizado por Patrimonio, vaise facer a contratación da obra, dentro dos prazos que lles comentou.

2ª Nas últimas semanas temos recibido varias queixas de veciños da Pena da Nosa Señora pola baixa presión do servizo de subministración de auga potable. Como ten pensado o goberno municipal solucionar este problema?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que é posible que nunhas datas do mes de xaneiro se puideran ter producido baixadas de presión nesa zona, aínda que nos servizos municipais que levan a xestión directa, a empresa, e na propia oficina de Servizos do concello, non se ten recibido queixa ningunha. Pero reconece que é posible, porque teñen un informe da empresa que xestiona o tema da auga respecto de que durante ese período, levouse a cabo a limpeza dos depósitos de auga en varios lugares do concello, entre eles o depósito da auga que está na Estorrentada, que abastece de auga a esa zona, o depósito de Pravio, e algún máis, e neses momentos, cando se limpan, é posible que poida haber unha baixada de presión nalgúns puntos.

Di que é un traballo rutineiro e preceptivo que hai que facer para manter dentro dos parámetros de salubridade as instalacións de auga, e claro, cando se produce, escóllese precisamente en puntas do inverno, non se vai a tempo máis seco, para que a afectación que poida haber sexa menor.

Conclúe dicindo que por iso é posible que neses días se puidera producir unha baixada de presión.

Dona Mª Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que a eles lles dixeron que era unha deficiencia constante, polo que volverán a preguntar a ver se xa se lles ten solucionado. Pregunta, entón, ao Sr. concelleiro se, en principio, coa limpeza dos depósitos, estaría solucionado o tema da presión.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que a el non lle consta que haxa problemas de presión en ningún sitio, o que si puido haber, aínda que no concello non constan queixas de usuarios, foi unha baixada de presión na rede que abastece a zona da Pena da Nosa Señora, que é unha zona alta, porque na última semana de xaneiro, e na primeira semana de febreiro, a empresa municipal de augas levou a cabo unha limpeza dos depósitos, para o cal tivo que baleiralos, quitarlles lodo, e neses momentos, mentres

non cargan de novo, puidose producir unha baixada de presión.

Dona M<sup>a</sup> Jesús González Roel agradece a resposta, pero sinala que a ela lle dixeron que presentaran as queixas na oficina que presta o servizo.

3<sup>a</sup> O 17 de xaneiro de 2008 o goberno municipal comunicou aos medios de comunicación a creación dunha comisión para definir o futuro de Vila Concepción. Existe algún proxecto para o uso ou a rehabilitación de Vila Concepción ou para evitar a súa progresiva deterioración?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o 17 de xaneiro de 2008 houbo un concelleiro que naquel momento tiña unha serie de responsabilidades, que fixo un anuncio, unha proposta de como el ía levar as cousas, pero que como todos saben hai algún tempo que ese concelleiro non forma parte da corporación e, polo tanto, non ten esas responsabilidades. O que lles pode informar, e cre que non é a primeira vez, é que Vila Concepción forma parte do patrimonio municipal, obtívose froito dunha cesión urbanística da unidade de actuación que está no Seixal, e dentro do acordo hai un diñeiro que a promotora desa obra ten que poñer para a restauración, ou para unha intervención restauradora no edificio.

Di que nestes momentos está na Comisión Provincial de Patrimonio o proxecto de restauración dese edificio e están pendentes de que a comisión dea a autorización. O proxecto elaborouse da man deles, porque de feito o propio secretario da Comisión Provincial de Patrimonio e algún técnico desa comisión estiveron cos técnicos municipais, con algúns concelleiros deste goberno e cos propios promotores, no deseño, indicando cales eran as pautas que debía seguir o proxecto.

Di que fundamentalmente o proxecto non vai solucionar o tema do uso, iso a corporación, no seu momento, decidirá para que o vai usar, o que vai é a intervir na envolvente do edificio para evitar precisamente a súa deterioración, para que estea en condicións de poder ser utilizada. Di que está falando da cuberta, das fachadas, da carpintería exterior, e da marquesiña soportada sobre piares que está diante, que está bastante deteriorada. É unha intervención de mantemento e rehabilitación dese envolvente, e será o vindeiro goberno municipal, cando todo iso estea listo, o que decidirá tanto a reforma interior como os usos a que poida estar destinado.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3468 o día 19 de febreiro de 2011, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1<sup>a</sup> O pleno da corporación é o órgano máis representativo do concello e por iso, o de maior lexitimidade á hora de aprobar iniciativas, especialmente cando son por unanimidade, en consecuencia, os seus acordos non poden reducirse a aparecer na acta plenaria, é necesario e esixible que o goberno municipal asuma o compromiso de

respectalos mediante o cumprimento do aprobado.

Neste caso estamos a referirnos a unha longa demanda formulada polo noso grupo e polos veciños/as de Cela na procura da adquisición de terreos para equipamento, co fin de construír instalacións socioculturais e de recreo para o seu goce, recordando unha vez máis a discriminación que sufren respecto doutras zonas do concello por non contar coas infraestruturas mencionadas.

Por todo isto, o grupo municipal de EU-IU fai a seguinte pregunta:

Que xestións ten realizado o goberno sobre a compra dos terreos da Fundación Tenreiro na parroquia de Cela?

Cal é a razón para non ter resolto o problema dun modo definitivo?

O Sr. alcalde contesta que a xestión que se fixo foi coa fundación, como se dixo no seu día, e hai un informe do anterior arquitecto municipal, onde dicía que a valoración que facía o concello non era a que pedía a fundación. A nova arquitecta fixo un informe que lle acaba de entregar hoxe, cunha serie de planos e demais, para analizar dous temas, o primeiro se eses terreos eran os idóneos para poder instalar aí ese parque, ou se había outros terreos en Cela que se puideran adaptar a iso. Di que o informe llo acaban de dar agora, e que mañá llelo fará chegar, que o tema está moi explicado, está ben, diñeiro teñen no orzamento e agora o único que falta é determinar se a valoración que lles pide a fundación é acorde coa que o concello entende que vale o terreo, e decidir por parte da corporación.

Explica que a arquitecta, en principio, no prazo de dez ou quince días terá feito o informe. Van manter unha reunión coa fundación, e agardan que a fundación baixe un pouco o prezo, porque o que propoñía o anterior arquitecto era menos da metade do que pedían, había unha diferenza de máis da metade entre o que pedían e o que podía dar o concello.

Continúa dicindo que van ver se coa nova análise que fixo a arquitecta poden achegar posturas e poden adquirir o terreo. Di que o terreo, nun principio, era pensando no futuro, porque neste momento non se podería edificar nel, so se poderían facer zonas recreativas,...., e por iso o valor non é igual que sexa para facer uns edificios que para ese outro tema.

Conclúe dicindo que mañá lles fará chegar o informe, e que agarda que, segundo a arquitecta, antes do próximo pleno teñan xa un acordo, ou polos menos conversacións coa fundación.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que todos saben que había unha partida orzamentaria, xa hai bastantes anos, para adquisición dos terreos, e, logo de negociacións con responsables da fundación, habilitáronse, non sabe se foron 22.000 euros máis, aprobados nos orzamentos do ano pasado. El o que entende é que o diñeiro

para a adquisición dos terreos está aí, é o que pide a fundación. O que lle contestou o responsable de Facenda cando fixo esta pregunta hai pouco tempo, foi que faltaba o informe técnico da arquitecta, e o que el entende agora é que só falta iso, que o demais está solucionado.

O Sr. alcalde contesta que o informe técnico urbanístico está feito, e hai un diñeiro nos orzamentos, pero que o tema é que a valoración dos técnicos municipais ten que ser acorde coa da fundación. Non se pode comprar se os informes técnicos non din que a valoración é adaptada a prezo de mercado, por iso o informe que presenta a arquitecta detalla varias cousas que son importantes.

Don Luis Miguel Taibo Casás pide que lle faciliten ese informe á maior brevidade posible.

O Sr. alcalde contesta que mañá.

2ª No pleno de outubro de 2007 o noso grupo preguntaba sobre a existencia dun plan de seguridade para coordinar as posibles emerxencias respecto do encoro de Cecebre. Recentemente a Consellería de Medio Ambiente iniciaba actuacións para a mellora da seguridade.

Poden informarnos en que consisten as ditas medidas?

O Sr. alcalde contesta que, en principio, as medidas son que a Consellería de Medio Ambiente, a Xunta, segundo palabras do coordinador de Protección Civil que é o que está no tema, está elaborando un plan de emerxencia, e tan pronto o teña se lles dará, pero que é a Xunta a que está a elaborar o plan.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que, de feito, cre que xa hai unhas instalacións alí que puxo a Xunta, precisamente en relación co plan de emerxencias, pero di que ese plan é moito máis complexo, e polo menos a corporación debería enterarse en que consiste, e, sobre todo, os que se teñen que enterar son os veciños afectados, os de Cecebre e os que están polas ribeiras do río, porque cre que os plans de emerxencia, cando se refiren aos encoros, teñen que explicarse aos veciños, en que medidas consisten, en simulacros, medidas disuasorias, riscos reais que hai, e o certo é que eles teñen total descoñecemento, cando a Xunta xa comezou a executar ese plan, de feito alí hai unha chabola.

O Sr. alcalde di que eles piden o plan de emerxencias, pero sobre todo o de protección. A eles o que lles preocupa é a protección, a resistencia que, no seu día, poida ter a presa. O problema do encoro é que un día rompa a presa, ese é o problema que pode xurdir na realidade. Eles queren que a Xunta lles explique ese informe de emerxencias, niso están traballando, está o coordinador de Protección Civil e están no tema, pero é complexo, e sabe que están traballando nel por palabras da Consellería.

3ª Poden informarnos dos motivos que impediron a instalación dun paso de peóns en Freande para contribuír a unha maior seguridade viaria na zona?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que antes comentou o tema dos pasos de peóns, e están a falar da mesma estrada autonómica, da AC-214. Di que hai unha pequena memoria técnica, uns planos que tiñan a intención de enviar á Xunta para que deran autorización, e estaban precisamente agardando pola resposta do que xa tiñan metido da mesma estrada, na parroquia de Pravio. Di que ao chegarlles o rexeitamento, van a reformulalo todo e é probable que eses tres pasos de Pravio, xunto con este, os metan todos dentro do mesmo paquete e fagan un procedemento negociador para que os autoricen. Di que iso estaba aceptado, que foi un compromiso que adquiriron, e está o deseño feito para facelo fronte ao edificio grande de Freande, subindo á man dereita, un pouco antes de chegar ao cruzamento de Bellavista.

Continúa dicindo que probablemente o metan todo dentro do mesmo paquete e vaian a negociar con eles para aclarar as circunstancias, e antes se comentou tamén o do tramo de Apeadeiro, que é outra estrada autonómica, e probablemente fagan unha negociación común para todos.

Di que a intervención, neste caso en Freande, economicamente é mínima, porque pouco máis é que pintado e sinalización, colocar uns sinais, e faranse con medios propios. O compromiso segue en pé e o que estaban era agardando precisamente pola resposta dos outros tres pasos para facer este, ao ser negativa, tiveron que paralizalo e agora van abordalo de maneira conxunta todo.

Conclúe dicindo que seguen comprometidos a executar ese paso, sempre e cando conten coa autorización do titular da estrada, claro está.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, di que hai dous plenos preguntou pola seguridade viaria na estrada de Cambre a Cecebre, a Catro Camiños. Nese momento o Sr. Iglesias explicoulle as dificultades que poñía a Xunta para acometer os pasos de peóns, pero en relación co paso de Freande dicía que ese paso se ía instalar con medios propios do concello, e que o único problema que había eran as prazas de aparcamento que estaban alí, e que cada un asumira a súa responsabilidade con respecto á proposta, respecto da eliminación das prazas.

Di que el cre que hai un par de meses que non se ven visos de que se pinte ese paso de peóns, nin que se instale, cando o Sr. concelleiro dixo que se ía facer con medios do concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que non hai que confundir, e que o feito de que o vaian facer por medios propios non quere dicir que non teñan que ter a autorización do titular da estrada. Xa sexa que o fagan por medios propios, ou contratando unha empresa, o que é imprescindible é ter a autorización do titular da estrada.

Di que antes, nun punto anterior, contestoulle a outro grupo que se enviaran as solicitudes de autorización para unha obra que contemplaba tres pasos de peóns en Pravio, no mes de novembro, e que a finais de xaneiro lles responderon negativamente aos pasos de peóns. Estaban agardando precisamente por esa resposta para mirar de homologar a petición, de mandalo da mesma maneira, pois ben, di que quedaron fríos coa resposta. Poden facelo por medios propios, porque é simplemente pintar e colocar uns sinais, a propia brigada municipal de obras o pode executar, pero é imprescindible ter a autorización do titular da estrada, iso é imprescindible telo, xa sexa facéndoo por medios propios, ou doutros.

Conclúe dicindo que el segue mantendo que poden facelo por medios propios, pero que esa non é a cuestión, eso non é o importante, queren facelo, comprometéronse a iso, e van a tramitar a autorización, e probablemente o que aborden agora será unha negociación global deses catro pasos, incorporando un máis, o que o propio Sr. Taibo lles comentou no tramo de Apeadeiro, para que lles dean autorización e podelos executar.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o que está claro é que para este paso concreto non se pediu ningunha autorización. Tendo en conta que o que dicía o Sr. Iglesias era que tiña que haber beirarrúas a ambos lados, e en Freande cumpren perfectamente esa condición, o que quere dicir que non se solicitou a autorización dese paso.

Tamén lle quere lembrar que hai catro anos se presentaron neste concello unhas oitenta sinaturas de veciños de Bellavista e da zona de Freande, para a instalación do paso, e cre que dende hai catro anos para aquí, aínda que o Sr. Iglesias igual non tiña entón esa responsabilidade, houbo tempo máis que suficiente de facer ese paso de peóns, para que os veciños poidan cruzar a estrada todos os días con medidas de seguridade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que no momento en que chegaron a ese compromiso, que foi hai moi poucos meses, el deu os pasos para poder facelo, e di que a el tamén lle gustaría que todas as cousas se fixeran antes, pero acaban de recibir esa resposta negativa do titular da estrada. Xa dixo que van insistir e intentar negociar para que llelo autoricen. Os outros pasos de Pravio, tamén algúns deles contaba con todos os requisitos técnicos que aparentemente a normativa da Xunta define, e, non obstante, os denegaron, con beirarrúas nos dous lados, onde non había beirarrúas dos dous lados, no proxecto figuraba a súa construción, e non obstante denegáronse. Poden denegalo porque son os titulares, pero van a recorrela e van a negociala.

Conclúe dicindo que o compromiso é incluír nun só paquete os tres pasos de Pravio, o de Apeadeiro en Cecebre, e o de Freande, e ter unha negociación coa Xunta, a ver se acadan que os autoricen, condición imprescindible para poder facelos. Van facelo, e segue sendo un compromiso.

### **Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito**

Rexistradas de entrada ao núm. 3549 o día 21 de febreiro de 2011.

1ª Practicamente rematada esta lexislatura, pode informarnos o goberno municipal dos investimentos municipais realizados en cada unha das doce parroquias do concello, ao longo destes catro anos, con fondos propios?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que todos os investimentos van nos orzamentos municipais aprobados en anos anteriores, no resultado de contas, e agora mesmo enumerar todo iso sería un traballo grande, pero na aprobación das contas de todos os anos figura a información de todas as obras que se fixeron.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que é curiosa a resposta, que se lle dá moito traballo facer iso ao equipo de goberno, con todos os medios que teñen, entón que imaxinen el só para poder sacar eses datos. Di que tendo ordenadores, como teñen agora, medios informáticos, cre que é bastante simple facer iso por parte das persoas que teñan acceso a esa información, bastante simple. Non é por nada, pero hoxe teñen seguramente mellores medios que tiñan hai catro anos, ou hai oito, informaticamente falando, e hai oito anos el eses datos, sacounos ao final da lexislatura, e nunha semana déronlle os de todas as parroquias, con pelos e sinais, e con moitos menos medios que teñen hoxe en día.

Di que se a resposta era que se busque a vida, entón, moitas grazas.

2ª En que estado se encontra a elaboración do orzamento para o ano 2011?

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), sinala que isto xa o faláron hoxe na xunta de voceiros e está claro que para a vindeira semana se vai intentar sacar.

### **Pregunta de dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, presentada por escrito**

Rexistrada de entrada ao núm. 3503 o día 21 de febreiro de 2011.

1ª Os medios de comunicación dos últimos días veñen informándonos de que os concelleiros do BNG, ou para ser máis exactos, os ex-concelleiros do BNG, que conforman o grupo de goberno, xunto cos do PSdeG-PSOE, son considerados tráfugas pola súa propia organización, que ademais lles esixe que entreguen as súas actas de concelleiros.

Non quero recordar aquí e agora, as desaforadas e inxustificadas críticas que se me fixeron por parte, tanto do PSOE, como dos ex-concelleiros do BNG e tamén por certo, polos de EU, acusándome de tráfuga, cando non había ningunha razón para iso, toda vez que me tiña presentado como independente e ademais non había ningunha

declaración en tal sentido, nin podía habela por esa condición de independente que eu tiña e sempre mantiven, por parte do grupo político en cuxas listas concorrín ás eleccións.

Parece claro que os ex-concelleiros do BNG si son considerados tráfugas pola organización política na que concorreron ás eleccións e sería desexable e constituiría un exercicio de hixiene política que entregaran as súas actas, como lles pide o seu ex-partido, ou polo menos que non fixeran uso da súa condición de tráfugas, para o que procede que abandonen o grupo de goberno, xa que segundo o “Acordo sobre un código de conduta política en relación co transfuguismo nas corporacións locais”, que tanto utilizaron inadecuadamente, noutras ocasións, o transfuguismo supón a alteración da representación política cambiando a relación de forzas xurdida das urnas, e é unha práctica non só prexudicial para a gobernabilidade dos municipios, senón que deteriora os fundamentos do sistema político.

Por outra parte, a cidadanía de Cambre ten que saber se o PSdeG-PSOE, e os seus concelleiros no grupo de goberno apoian o transfuguismo no que incorreron os ex-concelleiros do BNG. O PSdeG-PSOE, ten agora a posibilidade por unha vez, de ser coherente coa súa liña política e co acordo sobre transfuguismo para o cal tería que recoñecer que o pacto de goberno que asinou co BNG, ten deixado de ter efectos, polo simple feito de que os que o asinaron en nome do BNG, xa non forman parte do BNG, e en consecuencia, Sr. alcalde, non faga obstrucionismo político e cese inmediatamente das súas responsabilidades no goberno municipal aos catro edís que ata hai un tempo o eran do BNG.

Señores concelleiros tráfugas, a súa actitude, o transfuguismo, é unha das caras do poliedro da corrupción, a proba de que vostedes non pensan noutra cousa que encherse os petos, no soldo de fin de mes, o que supón unha deshonra para a limpa executoria doutros moitos que si predicaron co exemplo.

Trátase de cousas que deberían cambiar porque están manchando de maneira irresponsable á democracia, pero para iso faría falta que vostedes se dedicasen de verdade a traballar polo ben común, polos intereses de Cambre, pola decencia, a exemplaridade e o mérito, un escenario no que vostedes non sobrevivirían, porque son só mediocridades que se teñen apoderado do poder municipal, adulterando o resultado das urnas e incumprindo sistemática e conscientemente os programas que os cidadáns de Cambre apoiaron no seu momento.

Se se negan a abandonar o grupo de goberno, non estarán facendo máis que demagogia e populismo, que por outra parte, é o que viñeron facendo sempre, demagogia e populismo que avergonzan e ofenden aos cidadáns de Cambre.

Por todo o dito, formulo ao pleno as seguintes preguntas:

1. Vai continuar o PSdeG-PSOE, o seu grupo municipal, apoiando un pacto de

- gobierno co BNG, que o BNG, xa denunciou, expulsando aos seus concelleiros?
2. Pensa o Sr. alcalde cesar de inmediato das súas responsabilidades políticas e polo tanto do grupo de goberno aos concelleiros tráfugas do BNG?
  3. Vai cesar o Sr. alcalde aos concelleiros tráfugas do BNG da súa pertencencia á comisión de goberno, á xunta de voceiros, á mesa de contratación e de todos os cargos que os concelleiros tráfugas do BNG exercen porque formaban parte do BNG e do goberno municipal?

O Sr. alcalde contesta que van seguir traballando igual que ata agora, xa que o tema que formula a Sra. concelleira é un tema interno de partido. El non vai tomar ningunha postura que non sexa a que se vén defendendo ata agora, e, polo tanto, van seguir contando co seu apoio, co seu respaldo e coa súa gratitude, dende logo, pola xestión que están a realizar.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, pregunta se os vai cesar da xunta de voceiros, mesa de contratación e demais cargos.

O Sr. alcalde contesta que iso vai ir dentro da normativa que a lei establece.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín sinala que, entón, entende que si, xa que se van como concelleiros non adscritos, non teñen dereito a ir nin á mesa de contratación, nin á xunta de voceiros.

O Sr. alcalde di que vai ser o que marque a lei.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide a palabra porque a alusión é bastante evidente neste caso, e, sen ánimo de polemizar, quere dicir que foron eles, como xa se deu conta neste pleno por parte da secretaria xeral do concello, os que comunicaron a nova situación para os efectos que a lexislación vixente contempla e, polo tanto, como concelleiros non adscritos non van formar parte da xunta de voceiros, non van formar parte da mesa de contratación, e si van formar parte dos órganos colexiados que, como membros desta corporación, como todos os concelleiros, teñen segundo as referencias xurídicas que antes se leron, e non pensan renunciar a eles.

En canto á función executiva, como todos e todas deberían saber, e fundamentalmente os concelleiros e concelleiras da corporación, son unha competencia do alcalde, que ten manifestado por activa e por pasiva as súas intencións ao respecto.

El non vai entrar en debate sobre opinións, a el parécelle moi ben, pero simplemente é lamentable que en vez de palabras propias se utilicen palabras doutros para definir situacións. Pero si vai dicir que, ao final, tanto os membros da corporación, como os veciños e veciñas deste concello, o que van mirar co tempo é a utilidade de cada quen para os intereses xerais, non para os particulares, senón para os xerais. El cre que quitando filias e fobias, que tamén as hai, porque hai quen te quere aínda que sexas malo, e quen te odia porque si, pero a xente normal, a xente ecuánime, vai saber que o

paso de determinados concelleiros e concelleiras por esta corporación supuxo algo útil.

El só lle di á Sra. concelleira que repase o pleno de hoxe, as cousas que se dixeron no pleno de hoxe, pero non só no de hoxe, nos de todos estes meses nos que levan compartindo con el e cos seus compañeiros dentro do executivo de Cambre, a resposta ás propostas das tarefas de goberno, e que faga balance. El non lle di que compare, pero pensa que a comparación é evidente. Hai quen pretende tapar pasos grises por etapas de goberno, pero tamén grises por etapas na oposición, con opinións que poden ser moi respectables, coa descualificación, coa inxuria, con verdades a medias. Di que está no seu dereito, que faga o que queira, pero que, de todas as maneiras, para eles, e para a maioría da xente deste concello, hoxe, mañá e no futuro, vai quedar claro quen foi útil e quen foi inútil para defender os intereses xerais, e para sacar as cousas adiante, para desconxestionar temas que estaban absolutamente atascados, e iso vai estar aí, vaise poder tocar, vaise poder ver, e vaise poder contar. Iso é o que hai que dicir.

Conclúe agradecendo ao Sr. alcalde as súas palabras.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que tamén quere intervir por alusións, porque a Sra. concelleira menciona ao grupo de EU. Dixo que a chamaron tráfuga, pero sinala que el sabe perfectamente o que se dixo, e á Sra. concelleira quere lembrarlle que se ela naquel momento tivera subscrito ou aceptado unha moción de censura presentada neste concello sería tráfuga, pero iso non o di el, iso recóllese perfectamente no código ético aprobado no seu momento para iso, para os tránsfugas.

Di que xa se fixo mención aquí, hai un momento, a unha moción que se presentou relativa ao transfuguismo. A Sra. concelleira sabe perfectamente que se tivera asinado unha moción de censura, era tráfuga, pero da súa boca ela nunca sentiu que el a chamara tráfuga. Pídelle que o teña perfectamente claro, e que para iso hai creada unha Comisión Antitráfuguismo que determina quen é ou non é tráfuga. Recoñécelle a súa liberdade para ir nun partido, pero que ela vaia de independente, é unha cousa que ela dixo, iso a Comisión non o contempla, nin tampouco o regulamento, só fala de quen vai nunha candidatura ou nunha lista, non fala para nada da condición de independente á cal a Sra. concelleira fai alusión.

Pídelle que o teña claro, que acusa ao grupo de EU de chamarlle tráfuga, pero iso é mentira, só dixeron que se subscribía unha moción de censura, si o sería, e iso seguen a mantelo, para ela ou para calquera.

Conclúe dicindo que o di sen ningún tipo de acritude, que llo pode crer, porque a Sra. concelleira o coñece perfectamente.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, sinala que ten razón en que o dixo nese pleno, pero tamén cando o PP presentou unha moción, que por certo non se lles deixou debater, polo tema de que os concelleiros non adscritos puideran asistir á xunta de voceiros, por exemplo, nese punto, por parte do concelleiro de EU-IU, xurdiu

o tema do transfuguismo, e lébralle que foi hai dous plenos.

Di que a ela quen ten que declarala tráfuga é o partido co cal concorreu nas listas, e que tiña un programa que ela defendía, e que por certo se incumpriu bastante, e no ano e medio que leva sendo concelleira non adscrita o partido non pode declarala tráfuga, aínda que houbera unha moción de censura, porque non estivo afiliada no partido. Pídelle ao Sr. Taibo que non xire a cabeza, que o PSdeG-PSOE non pode declarala tráfuga porque ela foi nas listas como independente, e agora está independente, non se xuntou nin a outro partido, nin a outro grupo.

Di que tiveron tempo de sobra durante este ano e medio de dicir se era tráfuga ou non, cousa que no BNG, en dous días, si o fixeron.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que, respecto da moción á que aludiu a Sra. concelleira, iso está perfectamente contemplado na Lei de bases de réxime local, que un concelleiro non adscrito non pode formar parte da xunta de voceiros, non o di el, senón que o din as leis.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria xeral

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia